

Lignum

Revista do Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
Primeiro semestre do 2025



UN FUTURO QUE
CONSTRUÍMOS ENTRE
TODOS: CON ALMA
DE DESEÑO



1. Editorial	05
2. Asemblea Anual CMD	06
3. Entrevista socio de honor:	
Escola de Deseño Industrial de Ferrol	08
4. A viaxe da madeira	10
5. XIV Meeting Point Lignum	11
6. Visita de estudantes FP	12
7. Obradoiros de Dixitalización	13
8. Faladoiros CMD. Especial Contract	14
9. Curso Entramado Lixeiro de Madeira	15
10. Miradas sobre a industria da madeira:	
entrevista a Iván Cotado	16
11. Grupos de Traballo IA	18
12. Proxecto Enerwood	19
13. Novas do CMD	20
14. O recuncho do asociado:	
Nemesio Arquitectura	24
15. Reflexións do asociado: CETIM	25
16. Axudas e subvencións	26
17. Feiras	28

Edita: Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia
Santiago de Compostela, xullo de 2025

Fronte a moratoria si, moratoria non, o CMD propón unha terceira vía



José Manuel Iglesias, Presidente do CMD

Desde hai tempo, no Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia sentimos a necesidade de expresar con claridade a nosa postura ante o fin da moratoria sobre as plantacións de eucalipto. Trátase dun tema que esperta intensos debates e sensibilidades encontradas, tanto dentro do sector como na sociedade galega. Ante a disxuntiva moratoria si, moratoria non, desde o CMD propoñemos unha terceira vía baseada no respecto á diversidade, con criterios de proporcionalidade, planificación e adecuación territorial, tal e como establece o Plan Forestal de Galicia, incluso con medidas que supoñen de facto un transvasamento real da rendibilidade do eucalipto a outras especies. Cómpre reforzar o apoio ao sector do piñeiro, especialmente afectado por factores como a banda marrón, o nematodo e os efectos do cambio climático. Por iso reclamamos á Administración un compromiso firme coa súa mellora xenética, a identificación de especies alternativas e o apoio á súa revalorización como recurso estratéxico para a industria transformadora.

Somos plenamente conscientes da diversidade de opinións que conviven no sector forestal galego, incluso entre os nosos asociados. Esta pluralidade é unha mostra da riqueza do noso ecosistema forestal e da complexidade das súas necesidades. Por iso, no CMD actuamos sempre con prudencia, fuxindo de simplificacións e tendendo pontes de diálogo e entendemento, como fixemos noutros momentos clave como na Tese Universal. Cremos firmemente que só desde o respecto mutuo, o diálogo e a intelixencia colectiva poderemos construír un modelo forestal forte para Galicia.

A moratoria implantouse hai catro anos cun obxectivo lexítimo: diversificar o modelo forestal e fomentar a presenza de especies como o piñeiro e as frondosas autóctonas. Pero unha política non debe ser avaliada polas súas intencións, senón polos seus resultados. O balance é claro: a moratoria non conseguiu promover un monte máis equilibrado nin máis diverso. Pola contra, favoreceu o abandono de superficies forestais, freou o investimento privado e desincentivou a innovación. Incluso provocou que moitos propietarios, ante a falta de alternativas viables, actuaran á marxe da legalidade, xerando descontrol, inseguridade xurídica e risco de conflito social. É por iso, que fronte á parálise estéril e improdu-

tiva, a nosa proposta baséase en dar apoio ao propietario para que dispoña de alternativas rendibles que recompensen o seu esforzo persoal e financeiro.

Non se pode esquecer un dato esencial: o 98% da superficie forestal galega é de titularidade privada. Non podemos cercenar a liberdade do propietario forestal para xestionar o seu monte. Sen o compromiso e a implicación activa dos propietarios é imposible garantir unha xestión forestal sostible e ordenada. Por iso, é imprescindible que as políticas públicas teñan en conta a viabilidade económica das decisións e xeren incentivos para que os propietarios queiran investir, coidar e dinamizar o seu monte. Sen rendibilidade económica, non hai xestión forestal posible e, como consecuencia, teremos abandono. Un monte abandonado é vulnerable; un monte produtivo é un monte protexido.

Ademais, propoñemos medidas concretas e realistas como fomentar a agrupación de terras para facilitar unha xestión eficiente e profesional; permitir a reubicación de masas de eucalipto desde zonas inapropiadas a outras máis axeitadas, sen variar a superficie ocupada; reforzar os mecanismos de control e legalidade, eliminando plantacións en solo agropecuario ou en espazos protexidos; e, sobre todo, poñer o foco na xeración de valor para o propietario e na sustentabilidade a longo prazo do noso recurso forestal permitíndolle investir e plantar de forma equilibrada eucalipto, coníferas e frondosas, co obxectivo de obter rendibilidade no seu proxecto de inversión forestal. Xa que, se o que ten que investir é o propietario forestal, debemos procurarlle algún tipo de estímulo.

Non estamos sós nesta reflexión. O Inventario Forestal de Galicia, a revisión do Plan Forestal e o inminente Plan Estratéxico do Sector ofrecen a oportunidade perfecta para redefinir o modelo. Desde o CMD, queremos sumar e contribuír a corrixir esta ineficiencia do sector a través do debate sosegado e intelixente, cunha actitude construtiva, sempre ao carón do territorio e dos seus axentes.

Chegou o momento de construír un consenso arredor dunha idea sinxela pero poderosa: Galicia necesita un monte vivo, ordenado, produtivo e diverso. Un monte que xere oportunidades para os máis novos no rural, que dea resposta á industria, que reduza o risco de incendios e que conserve a nosa riqueza natural.

Un monte que non se xestione desde a prohibición, senón desde a responsabilidade, o coñecemento e o compromiso co futuro. Un monte que non exclúa a ninguén, que non estigmatice a ningunha especie e que, sobre todo, respecte e valore aos que o coidan: silvicultores, propietarios, empresarios e comunidades locais.

Desde o Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia seguiremos traballando con firmeza, espírito construtivo e vocación de consenso. Temos a convicción de que só cunha visión compartida, centrada no territorio e na súa xente, poderemos construír un modelo forestal para Galicia que sexa resiliente, competitivo e verdadeiramente sostible. Porque Galicia merece un futuro á altura da súa terra.



O CMD presenta o seu novo Plan Estratégico, unha folla de ruta coa que redefine o seu futuro poñendo o foco na canle Contract

Con 12 programas estratégicos, CIMA impulsa a colaboración, a innovación e a sustentabilidade para posicionar a Galicia como referente global

O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia celebrou a súa Asemblea Anual de asociados na Finca da Rocha, onde se fixo un percorrido polas principais actividades do exercicio anterior e presentouse, ante os seus socios, o novo Plan Estratégico CIMA 2025-2028 que pretende ser un punto de inflexión para a entidade. O acto foi clausurado pola conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana; e o presidente do CMD, José Manuel Iglesias; contando coa presenza do director da Axencia Galega da Industria Forestal, Alfredo Fernández; representantes das asociacións da cadea de valor da madeira; socios de honor do CMD e ex presidentes do Cluster quen amosaron, coa súa presenza, o estreito vínculo que manteñen coa entidade.

Durante a súa intervención, o presidente do CMD destacou o importante nivel de actividade da entidade ao longo de 2024, que supuxo a execución de máis de 150 actuacións estruturadas en 11 programas estratégicos, mobilizando máis de 2,6 millóns de euros en proxectos orientados á innovación, formación, internacionalización e sustentabilidade. Estes programas beneficiaron directamente ao tecido empresarial galego, cun enfoque práctico e colaborativo que puxo o acento en retos reais do sector.



No pasado exercicio, o CMD executou máis de 150 actuacións, mobilizando máis de 2,6 millóns de euros en proxectos orientados á innovación, formación, internacionalización e sustentabilidade

Ademais, o CMD compartiu os resultados alcanzados polas empresas asociadas. Neste sentido, o 2024 pechouse cunha facturación conxunta das empresas do CMD con centro de produción en Galicia de preto de 2.000 millóns de euros, dando emprego directo a máis de 6.000 persoas. No pasado exercicio, sumáronse á entidade 11 novas empresas.



Un novo rumbo estratéxico

Un dos momentos máis relevantes da Asemblea foi a presentación oficial do novo Plan Estratégico CIMA 2025-2028, que marcará o rumbo do Cluster nos próximos anos e que xa superou unha valoración exhaustiva por parte do Ministerio de Industria e Turismo, facendo que o CMD revalide o seu recoñecemento como Agrupación Empresarial Innovadora, Rexistro do que forma parte desde o ano 2008.

Segundo explicou o presidente do CMD, “CIMA non só é un documento de planificación, senón que é un proxecto transformador, froito dun exercicio profundo de reflexión colectiva, diálogo e visión compartida”.

O Plan estrutúrase arredor de tres piares fundamentais, coñecidos como as 3 C's: Colaborar, Capacitar e Comunicar. Colaborar, xerando alianzas dentro e fóra de Galicia. Capacitar, mediante a formación e transferencia de coñecemento ás empresas e Comunicar, para poñer en valor o traballo do sector e a súa contribución social e ambiental.

O novo Plan Estratégico do CMD priorizará o fortalecemento da canle Contract, impulsando a proxección internacional das empresas do sector. Cun enfoque na innovación e a competitividade, o plan busca consolidar o liderado destas compañías en mercados globais, fomentando alianzas estratéxicas e oportunidades de negocio a nivel mundial.

O obxectivo último do Plan é converter ao CMD nun referente nacional e internacional, mediante proxectos colaborativos que impulsen a innovación en procesos, deseño, xestión en materiais, e fomenten un ecosistema sostible e competitivo.



Na clausura da Asemblea, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, puxo en valor o traballo do CMD como motor de desenvolvemento para o sector e como exemplo de cooperación entre empresas, institucións e centros de coñecemento. Sinalou, ademais, a importancia de continuar apostando pola sustentabilidade, a dixitalización e o talento para reforzar a competitividade da industria galega.

Finalmente, José Manuel Iglesias transmitiu unha mensaxe clara ao termo da Asemblea: “Temos proxecto, temos rumbo e temos persoas. En definitiva, temos futuro. O Plan CIMA é unha invitación a construír xuntos un sector máis forte, máis innovador e máis integrador”.

A Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol, nomeada socio de honor do CMD pola súa traxectoria e compromiso coa innovación educativa e industrial de Galicia



A Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol, décimo quinto socio de honor do CMD


No transcurso da Asemblea Anual, o Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia nomeou á Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol, novo socio de honor da entidade, recoñecendo a súa traxectoria na promoción da educación, o deseño e a innovación ao servizo do desenvolvemento industrial de Galicia.

Durante a entrega do galardón, que o recolleu o director da Escola, Jon Solozabal, destacou o papel da EUDI como espazo de formación de profesionais altamente cualificados, así como a súa capacidade para establecer pontes sólidas entre o mundo académico e o tecido empresarial.

Trátase do décimo quinto galardón que outorga o CMD co que trata de poñer en valor a función de promoción da madeira por parte das persoas, institucións e grupos empresariais. Antes xa o recolleron Xosé Otero Pombo, Xosé Lois Martínez, Consorcio de Santiago de Compostela, Grupo Inditex, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Fundación Juana de Vega, Escola de Arquitectura da Coruña, Tomás Alonso, Fundación Laboral da Construción, Universidade de Santiago de Compostela, Venancio Salcines, Servizo Galego de Saúde, Fundación RIA e Confederación de Empresarios de Galicia.



A Asemblea contou cunha gran convocatoria, mostra do compromiso dos asociados no proxecto futuro da entidade



“O CMD e as súas empresas, desde hai décadas, son unha axuda fundamental para impulsar a innovación e o constante desenvolvemento do noso modelo académico”

Jon Solozabal, director da Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol, comparte a importancia da colaboración entre o mundo académico e o empresarial e ofrece a súa visión sobre o futuro do deseño galego

A Escola Universitaria de Deseño de Ferrol foi destacada como socio de honor do CMD 2025 polo seu compromiso coa formación de profesionais no deseño industrial e a súa contribución a fortalecer os lazos entre a universidade e a industria. Jon Solozabal, director da EUDI, comparte a súa visión sobre este recoñecemento, o papel do deseño na industria actual e as sinerxías que están a transformar o sector.

Que significa este recoñecemento para a Escola Universitaria de Deseño de Ferrol?

Este recoñecemento como socio de honor do CMD 2025 é unha gran alegría para a Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI) da UDC. Sempre é unha gran satisfacción recibir o recoñecemento desde o mundo empresarial e profesional.

O compromiso da EUDI para a formación de profesionais altamente cualificados en todos os ámbitos do deseño industrial, ten o seu punto de referencia principal nas colaboracións proxectuais coa industria. Desde que creamos o centro, no curso 1998-1999, ditas colaboracións están baseadas na idea de que detrás de toda a industria sempre hai unha empresa e que a empresa é o núcleo de partida para o noso modelo social e económico.

Neste modelo, o CMD e moitas das súas empresas asociadas son, desde hai décadas, unha axuda fundamental para impulsar a innovación e o constante desenvolvemento do noso modelo académico. Os máis de 1.200 egresados da EUDI, cun dos maiores índices de inserción profesional, son un reflexo do traballo e a dedicación de todo o equipo interdisciplinar de profesores da EUDI. A Escola, cos seus máis de 50 profesores, está comprometida en proporcionar unha educación de calidade que prepare aos estudantes para os desafíos do mundo profesional, fomentando a creatividade e a capacidade de resolver problemas complexos.

Que papel considera que xoga o deseño na transformación do sector industrial galego?

O que ocorrerá exactamente na industria galega é incerto pero os signos son inconfundibles: novas tecnoloxías, novos mercados e novas formas de organización na empresa están a cambiar radicalmente o mundo. Isto requirirá de novas ideas así como o dominio práctico das tecnoloxías e métodos aos que o deseño industrial está exposto, como máximo expoñente da creación de valor. Neste sentido, a industria galega está a dar exemplo en moitos sectores. Neste contexto do CMD hai que destacar, especialmente, todo o ámbito vinculado ao Contract.

Que importancia se lle outorga á innovación e ao enfoque práctico na formación do alumnado?

Na EUDI manexamos un concepto de innovación propio; definimos a innovación como o proceso para mellorar o existente cos recursos dispoñibles e accesibles. Soa un tanto reduccionista e pragmático pero precisamente, se queremos innovar, mellorar e desenvolver novas propostas de produtos e servizos, obrigatoriamente debemos coñecer moi ben o que temos e de que partimos na empresa.

Como cre que se podería fomentar o vínculo entre os estudantes e o tecido empresarial?

Desde a consolidación da EUDI como centro mantense, regularmente, contactos con empresas e profesionais de todos os ámbitos vinculados ao mundo do deseño industrial. Estes contactos, xunto cos convenios de colaboración e a participación e organización de eventos e exposicións son un referente fundamental nas formulacións e na orientación didáctica da EUDI. Aí, cremos, que o CMD e os seus socios seguirán prestándonos o seu apoio.

Entrevista ao director da EUDI, Jon Solozabal 9

“A EUDI mantén, regularmente, o contacto con empresas e profesionais de todos os ámbitos vinculados ao mundo do deseño industrial”

Cre que as empresas valoran a importancia do deseño no desenvolvemento dos seus produtos? Como debería potenciarse máis este papel?

O papel do deseño industrial ampliouse moitísimo en dirección da creación de valor, volvéndose medible e contrastable. Moitas empresas xa están a facer deseño industrial e, nalgúns casos, aínda tendo egresados nosos traballando nelas non o saben, ou non o ven así. Para nós, non ten moita importancia se unha empresa se declara ou se sente como “empresa de deseño”. O importante é que estea creando valor desde o primeiro momento do seu proceso de innovación. Un dos méritos que nos apuntamos como EUDI é que o deseño como “valor engadido” quedou definitivamente superado e se converteu na raíz principal da innovación.

Que desafíos débense afrontar para que o deseño sexa aínda máis estratéxico dentro do tecido produtivo galego?

Todo dependerá de se as empresas galegas conseguen aumentar o seu índice de contratación de proxectos completos, no sentido de que vendan tamén a súa capacidade conceptual, ademais de ser subcontratadas para o desenvolvemento técnico e produción final. Neste sentido, mellorou moito o tema, pero cremos que aínda queda moita marxe cara arriba. Non é fácil, require dunha presenza en lobbies, foros e ámbitos internacionais, que unha empresa que está a loitar día a día, dificilmente pode atender.



Colaboracións EUDI con CMD

Cal é a sensación dos alumnos que rematan estes estudos? É doada a súa integración no mercado laboral?

Os alumnos titulados, cursaron un título de Enxeñería coa denominación oficial de Graduado ou Graduada en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto. A distribución de horas e materias cursadas coa conseguinte ampliación formativa, dálle a todos un perfil principalmente orientado á súa integración profesional no perfil das industrias existentes e, unha vez nelas, poden aportar as súas capacidades para mellorar os resultados desexados.

Un factor fundamental, evidentemente, é tamén o perfil e a personalidade de cada estudante. Non é a primeira vez que nos preguntan como é posible que egresados da EUDI, crearan os seus propios estudos de Deseño, traballen en oficinas técnicas de estruturas, maquinaria agrícola ou estean a traballar en empresas de produto, mobiliario, automoción, etc, por todo o mundo, ou gañaran ata premios nacionais. Unha boa formación con esixencia é molesta mentres a cursas, pero logo é a plataforma que vai contigo sempre.

“Un dos méritos da EUDI é que o deseño como valor engadido quedou definitivamente superado e converteuse na raíz principal da innovación”

Como imaxina o futuro da Escola e o seu impacto na sociedade galega?

Seguramente continuaremos facendo o mesmo de sempre que é nunca facer o mesmo. Sempre estamos a optimizar en base aos proxectos e actividades de cada ano. Un dos retos que nos toca afrontar é a integración axeitada da Intelixencia Artificial, un tsunami que apareceu case de un día para outro e que, se ben levabamos un tempo observando, non acababa de chegar. A nosa intensa relación con profesionais e empresas que a están aplicando axudounos moito para comezar a empregala con certa garantía e criterio formativo/académico.

Agardamos continuar, tras máis de 1.200 egresados, impactando positivamente na sociedade galega como parte dela que somos.



Exposición no Instituto Cervantes, Nápoles



O CMD lanza a viaxe da madeira, unha iniciativa audiovisual para promover os valores da madeira na arquitectura sostible

A Casa do Taberneiro, a sede da UVigo, no Berbés, ou o edificio Impulso Verde, de Lugo, serán algunhas das obras que se amosarán nesta viaxe

O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia, no marco do Plan Social de ENCE, presenta “A Viaxe da Madeira”, un ambicioso proxecto audiovisual que busca destacar o papel da madeira como material sostible, confortable e estético na construción e rehabilitación de obras arquitectónicas. A través dunha serie de vídeos narrados polos propios autores dos proxectos, esta iniciativa pretende achegar á sociedade os beneficios da madeira, resaltando a súa sustentabilidade, versatilidade, calidez e contribución á arquitectura contemporánea.

“A Viaxe da Madeira” nace co obxectivo de divulgar como este material, profundamente arraigado na tradición galega, posiciónase como unha solución innovadora e respectuosa co medio ambiente, empregada tanto en deseño como en arquitectura. Os vídeos non só mostran obras destacadas, senón que tamén ofrecen unha mirada íntima ao proceso creativo e técnico detrás de cada proxecto, explicando como a madeira aporta valor estético, funcional e ecolóxico.

A viaxe da madeira posiciona á madeira como unha solución innovadora e respectuosa co medio ambiente, empregada tanto en deseño como en arquitectura

A Casa do Taberneiro: O punto de partida

A serie arrinca cun primeiro vídeo dedicado á Casa do Taberneiro, unha emblemática obra situada na rúa de San Pedro, de Santiago de Compostela. Este proxecto, explicado por un dos seus autores, Iván Andrés, de Arrokae Arquitectos, serve como exemplo perfecto do potencial da madeira na rehabilitación de espazos. Na gravación, Iván Andrés guía aos espectadores a través das particularidades da obra, destacando como a madeira foi clave para preservar a esencia histórica do edificio mentres se introducen solucións modernas e sostibles. Desde a elección do tipo de madeira ata os detalles construtivos, o vídeo ofrece unha visión completa de como este material pode transformar espazos.

Unha viaxe que continuará

A viaxe da madeira continuará o seu camiño, facendo un percorrido por diferentes obras que destacan polo emprego da madeira como a intervención no Berbés da sede da UVigo, de Abalo Alonso Arquitectos, ou o edificio Impulso Verde, de Lugo. Ademais, contarase con diferentes testemuñas profesionais que explicarán a súa experiencia co emprego da madeira. Cada vídeo será unha oportunidade para explorar a diversidade de aplicacións da madeira e todas as posibilidades que ofrece.



Foto: Luis Díaz Díaz

A Casa do Taberneiro, de Arrokae Arquitectos, é un exemplo perfecto do potencial da madeira na rehabilitación de espazos

Un compromiso coa sustentabilidade e a divulgación

Con esta iniciativa, o CMD reforza o seu compromiso coa promoción da madeira como un recurso estratéxico para o desenvolvemento sostible. A madeira preséntase como o material ideal, capaz de combinar eficiencia enerxética, estética e respecto pola contorna. Ademais, o proxecto ten un forte compoñente educativo, xa que busca sensibilizar ao público en xeral sobre a importancia de escoller materiais responsables e de apoiar unha economía circular.



Máis de 2.100 persoas seguen a celebración da XIV edición de Meeting Point Lignum

Castro Ferro Arquitectos, Salgado e Liñares Arquitectos, MRM Arquitectos e SUMA Arquitectura foron os encargados de compartir as súas experiencias no emprego da madeira

O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia organizou, coa colaboración do Instituto Galego de Promoción Económica, a décimo cuarta edición dos Encontros Online de Innovación en Madeira, Meeting Point Lignum. A través de faladoiros expositivos audiovisuais, os profesionais compartiron as súas experiencias en construción sostible e uso da madeira, ademais de amosar novas técnicas co emprego deste material. O punto de encontro foi a través do portal www.meetingpointlignum.com.

Esta cita consolidouse ao longo destes 14 anos nun punto de encontro para arquitectos, deseñadores, carpinteiros, enxeñeiros e empresas do sector da madeira interesadas en coñecer novos usos e exemplos de éxito en construción e rehabilitación con este material. A plataforma conta con máis de 34.000 seguidores e 56 relatorios de recoñecidos profesionais a nivel nacional.

A edición deste ano contou co patrocinio de Laminados Villapol, Molduras del Noroeste, Senssia, Wood is Wood e Grupo Siero

Os Encontros comezaron coa intervención de Castro Ferro Arquitectos quen expuxeron a utilización da madeira nalgúns das súas obras, destacando a súa adaptabilidade en interiores onde a madeira xoga un papel destacado na organización dos espazos, potenciando os valores biofílicos coa utilización deste material.

Pola súa parte, Salgado e Liñares Arquitectos compartiron a súa experiencia nalgúns das súas obras máis emblemáticas. Os seus traballos abarcan distintas escalas de intervención, no espazo público, na vivenda, na rehabilitación do patrimonio, na construción modular...

A segunda xornada arrincou con MRM Arquitectos cunha charla titulada “Da idea á madeira”. O estudo, especializado en arquitectura cunha charla titulada “Da idea á madeira”. O estudo, especializado en arquitectura, deseño e urbanismo, conta tamén cunha experiencia en interiorismo e paisaxismo. A súa actividade baséase na colaboración interdisciplinar con profesionais de eidos moi diversos que comparten e reforzan o seu enfoque para mellorar a sociedade e a contorna construída.

O broche de ouro correu a cargo de Marta Romero, SUMA Arquitectura, quen falou do deseño ecosistémico na Biblioteca Gabriel García Márquez, de Barcelona, proxecto que conta co Premio Mies van der Rohe 2024 de Arquitectura Emerxente, premio FAD de Arquitectura ou premio á Mellor Biblioteca Pública do Mundo 2023, entre outros.

Para consultar todas as intervencións, ademais das edicións anteriores, só hai que acceder á plataforma de Meeting Point Lignum ou á canle de Youtube do CMD.

A edición deste ano contou co patrocinio de Laminados Villapol, Molduras del Noroeste, Senssia, Wood is Wood e Grupo Siero.



A plataforma Meeting Point Lignum conta con 34.000 seguidores e 56 relatorios de recoñecidos profesionais a nivel nacional

Preto de 150 estudantes do CIFP Someso visitan as instalacións de empresas asociadas para coñecer o traballo que desenvolven nos seus centros produtivos

Trala alta demanda de profesionais formados nos últimos anos é fundamental que o mundo académico e empresarial avancen de maneira aliñada

Preto de 150 estudantes pertencentes aos Ciclos básico e medio de Carpintería e Moble, Ciclo Medio de Instalación e Amoblamento e Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento visitaron as instalacións das empresas asociadas ao CMD, Maderas Rubén, Grupo Ramón García, Laminados Villapol, Hijos de Ramón Rubal e Betanzos HB. Esta iniciativa enmárcase na acción Sapere Aude, iniciada polo Cluster no ano 2023 co obxectivo de dar a coñecer aos estudantes a realidade empresarial e poder compartir as súas inquedanzas e dúbidas cos profesionais das empresas.



Os estudantes visitaron as instalacións de Maderas Rubén, Grupo Ramón García, Laminados Villapol, Hijos de Ramón Rubal e Betanzos HB



Esta acción enmárcase na iniciativa do CMD, Sapere Aude, que trata de achegar aos estudantes relacionados co sector da madeira, a realidade do mundo empresarial

Achegar o mundo empresarial ao académico

Durante estas visitas, os estudantes coñecen o proceso de produción nas fábricas e achéganse á realidade profesional. Ademais, teñen a oportunidade de dialogar cos responsables das empresas, intercambiando opinións e amosando as súas dúbidas.

Ante a dificultade de atopar relevo aos profesionais que se están xubilando ou de contar con novos profesionais formados para dar resposta aos avances que a industria experimentou en canto a innovación e tecnoloxía, este tipo de accións son fundamentais para as empresas do CMD coa finalidade de poñer en contacto estudantes e empresas e atopar ese relevo necesario.

Nestas visitas, os estudantes amosaron o seu interese polo traballo que desenvolve cada unha das empresas, chegando a interesarse por facer prácticas nalgunhas das empresas visitadas.



Os Obradoiros de Dixitalización abordaron en profundidade o Regulamento Europeo EUDR e a súa aplicación dixital

Deste modo, o CMD impulsa a dixitalización nas empresas para facer fronte a este gran reto

Conscientes do profundo impacto que o novo Regulamento Europeo sobre Deforestación (EUDR) terá en toda a cadea de valor da madeira, o Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia puxo en marcha, coa axuda do Instituto Galego de Promoción Económica e a colaboración de Elige Plus, os Obradoiros de Dixitalización co gallo de acompañar ás empresas no seu proceso de adaptación tecnolóxica e normativa.

Os talleres, que se celebraron durante o mes de xuño, combinaron sesións online e presenciais cun enfoque práctico. Entre os seus obxectivos: ofrecer unha visión integral do EUDR, aportando claridade sobre os seus fundamentos e últimas actualizacións; capacitar ás empresas no uso do aplicativo europeo IS EUDR, ferramenta esencial para a correcta trazabilidade e cumprimento da normativa; presentar as solucións tecnolóxicas de mercado desenvolvidas especificamente para o sector da madeira; e identificar, mediante metodoloxías de design thinking, proxectos concretos de implantación adaptados ás necesidades de cada organización.



O enfoque colaborativo e técnico destes encontros facilitou que as empresas poidan adiantarse ás esixencias do regulamento

O ciclo contou coa colaboración de destacados expertos como Arantza Pérez, directora de ASPAPEL; Isabel Sánchez, xerente de Sustentabilidade Forestal de ENCE; e Ricardo Prieto e Javier Ludeña, de Altia. Na última sesión centrada no design thinking presencial para detectar necesidades e posibles proxectos, o experto Gonzalo Garre guiou ás empresas na identificación destas necesidades nun ambiente de traballo en equipo e confraternidade.

A iniciativa, na que participaron as empresas Industrias Guerra, ENCE, Betanzos HB, Explotaciones Forestales Souto Carriño, Finsa, Serrerías Rodríguez, Orgánica de Sustratos, Cándido Hermida, Madera Plus, Martínez Otero Contract, Industrias del Tablero, Mogno Woods, Serfovan e Versa Real Projects pretendu axudar ás empresas do sector a anticiparse aos retos regulatorios mediante a dixitalización de procesos, a mellora da trazabilidade e o cumprimento normativo eficaz.

As empresas amosáronse moi participativas nas diferentes sesións celebradas e compartiron as súas inquedanzas ante o novo regulamento





O CMD impulsa a canle Contract cun inspirador Faladoiro liderado polo deseñador, Iván Cotado

O encontro reuniu a profesionais galegos para debater sobre o presente e o futuro do interiorismo estratéxico e o uso da madeira no deseño dos espazos

O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia, coa axuda do Instituto Galego de Promoción Económica, organizou un Faladoiro especial dedicado á canle Contract, reunindo a diferentes profesionais nun ambiente próximo, distendido e propicio para o intercambio de ideas. Coa participación do recoñecido deseñador Iván Cotado, a xornada destacou a relevancia do Contract como un piar para a economía galega, subliando o papel clave da madeira e o deseño na creación de espazos innovadores e funcionais.

O encontro comezou coa intervención de Iván Cotado, quen compartiu unha selección dos seus proxectos máis emblemáticos, poñendo especial énfase naqueles que incorporan a madeira como elemento central. Durante a súa intervención, Cotado explicou o concepto que guía o traballo do seu estudo: o interiorismo estratéxico. Esta filosofía combina creatividade, funcionalidade e unha visión orientada ao negocio, co obxectivo de deseñar espazos que non só sexan esteticamente atractivos, senón que tamén impulsen o éxito comercial dos proxectos.




Tala súa presentación, abriuse un enriquecedor debate que contou coa participación activa de arquitectos, carpinteiros, artesáns, interioristas, profesores e representantes de empresas do sector. Este espazo de diálogo permitiu poñer en común as principais preocupacións e retos aos que se enfronta a canle Contract en Galicia. Entre os temas destacados, os profesionais sinalaron a importancia de mellorar a comunicación no sector para visibilizar o valor engadido que aporta o interiorismo profesional.

Outro punto clave do debate foi a relevancia dun enfoque multidisciplinar que integre diferentes profesionais desde as fases iniciais dos proxectos para garantir resultados innovadores e eficientes. Os participantes no Faladoiro coincidiron en que o traballo colaborativo entre arquitectos, deseñadores, carpinteiros e empresas é fundamental para posicionar ao sector galego como referente na canle Contract a nivel nacional e internacional.

O CMD aposta claramente por potenciar a canle Contract galega polo enorme potencial que representa para xerar emprego, innovación e crecemento económico en Galicia

A pesar dos retos pendentes, os participantes amosaron un optimismo compartido sobre os avances logrados nos últimos anos. Coincidiron en sinalar que o sector deu pasos importantes cara a profesionalización e a innovación, destacando a calidade dos proxectos galegos.

Este Faladoiro reafirmou o compromiso do CMD coa promoción de iniciativas que fomenten o diálogo, a formación e a colaboración entre os profesionais do sector, ademais de simbolizar a aposta clara que a entidade vai a realizar por potenciar a canle Contract galega polo enorme potencial que representa para xerar emprego, innovación e crecemento económico en Galicia.



O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia reforza a súa aposta pola formación en construción eficiente con madeira

A convocatoria deste curso, realizado coa axuda da Axencia Galega da Industria Forestal, foi todo un éxito o que demostra o interese dos profesionais por formarse neste eido


O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia consolida o seu papel como referente no impulso da formación especializada no sector da construción con madeira. Neste marco, o CMD puxo en marcha o Curso Técnico en Deseño, Prefabricación e Montaxe mediante Entramado Lixeiro de Madeira, unha iniciativa formativa para capacitar a profesionais nun ámbito clave para o futuro da edificación sostible.

O curso, de carácter gratuito e financiado ao 100% pola Axencia Galega da Industria Forestal, desenvólvese de maneira online en directo, cun completo programa que abarcou desde os fundamentos técnicos da construción con madeira ata o coñecemento práctico de sistemas de entramado lixeiro, eficiencia enerxética e montaxe de prototipos reais. Durante máis de 50 horas lectivas repartidas entre os meses de maio, xuño e xullo, os participantes profundaron en aspectos como a industrialización de procesos construtivos, a durabilidade das estruturas de madeira, a sustentabilidade ambiental e as oportunidades da edificación de consumo enerxético case nulo.

Coa organización destas formacións, o CMD reafirma o seu compromiso coa modernización e profesionalización do sector

A formación estivo dirixida a arquitectos, enxeñeiros, carpinteiros, montadores e outros profesionais interesados en adquirir competencias para desenvolver proxectos con estruturas sinxelas e eficientes en madeira.

O programa apóiase na experiencia de profesionais coa proxección de vídeos que ilustran con detalle, cada fase de fabricación e montaxe dun prototipo real. Esta metodoloxía facilita a comprensión de todos os pasos necesarios para lograr construcións de alta calidade técnica e ambientalmente responsables.



Con esta iniciativa, o CMD reafirma o seu compromiso coa modernización e profesionalización do sector, apostando pola formación continua como piar fundamental para a competitividade e a transición cara un modelo construtivo máis sostible. A madeira, como material renovable e de baixa pegada de carbono, posiciónase así no centro dunha estratexia de innovación que contribúe a dinamizar a industria galega e a impulsar unha edificación máis respectuosa coa contorna.



“O deseño é un medio para transformar negocios, xerar impacto positivo e mellorar a vida das persoas”

Iván Cotado, deseñador de espazos

O deseñador sinala que aínda queda moito camiño por percorrer en canto á profesionalización e ao entendemento do deseño como ferramenta estratéxica, máis alá da estética

Que calidades da madeira destacaría como clave para o deseño, tanto desde o punto de vista estético como funcional?

A madeira ten unha capacidade única para humanizar os espazos. Esteticamente aporta calidez, naturalidade e unha conexión directa coa natureza. Pero ademais, é un material versátil, renovable e con excelentes propiedades térmicas e acústicas. Nun enfoque como o noso, centrado no benestar e na estratexia, a madeira é unha aliada natural.

“A madeira ten a capacidade única de humanizar os espazos”



Iván Cotado, referente na creación de espazos que combinan funcionalidade, estética e sustentabilidade e cunha traxectoria marcada por proxectos innovadores e un enfoque centrado no usuario, concédenos esta entrevista na que exploramos a súa visión sobre o presente e o futuro do deseño, o papel da madeira na creación de espazos con alma e as sinerxías entre deseñadores e empresas para impulsar un sector máis sostible e competitivo.

Como describiría a situación actual do deseño en Galicia?

O deseño en Galicia está a vivir un momento de oportunidade. Hai talento, hai escolas con bo nivel e hai un tecido empresarial cada vez máis receptivo ao valor do deseño. Pero tamén hai moito camiño por percorrer, sobre todo no que respecta á profesionalización e ao entendemento do deseño como ferramenta estratéxica, máis alá da estética. En Galicia, como noutros moitos lugares, o deseño segue sen ocupar o lugar que lle corresponde como motor de rendibilidade e diferenciación.

Que tendencias están a marcar a pauta no deseño este ano, especialmente en relación coa sustentabilidade e o deseño?

A tendencia non é nova, pero cada vez é máis forte: a sustentabilidade deixouse de ver como unha opción e pasou a ser unha esixencia. Non só no uso de materiais ou procesos, senón tamén na concepción mesma dos espazos: deseños máis duradeiros, flexibles e con menor impacto ambiental. No noso estudo falamos de “rendibilidade sustentable”: se un deseño non é rendible para o cliente, non é sustentable. E viceversa.

Podería compartir con nós algún proxecto no que a madeira xogara un papel central? Que desafíos e oportunidades atopou ao traballar con este material?

No proxecto Hi! Pontevedra, por exemplo, a madeira foi fundamental para crear un ambiente acolledor e coherente coa identidade da marca. O desafío principal é sempre o equilibrio entre estética e funcionalidade, pero a madeira permítenos traballar esa dualidade con moita eficacia. Ademais, a súa presenza reforza os valores de sostibilidade e honestidade que moitos negocios buscan comunicar hoxe.

A súa filosofía de deseño céntrase no benestar do usuario. Como emprega os materiais para crear espazos que conecten emocionalmente coas persoas e promovan ese benestar?

O benestar non é un adorno, é unha ferramenta estratéxica. Cando deseñamos un espazo, facémolo para que funcione a nivel económico, si, pero tamén para que o usuario se sinta identificado e cómodo. Empregamos materiais naturais, texturas agradables, iluminación coidada... pero, sobre todo, empregamos a observación e o criterio. Cada decisión está pensada para provocar unha emoción concreta que conecte coa esencia do negocio.

“A sustentabilidade deixouse de ver como unha opción para ser unha esixencia”



A colaboración entre empresas e deseñadores é esencial para o CMD. Como cre que se podería impulsar esta colaboración?

Hai que educar ao tecido empresarial no valor real do deseño. E iso pasa por falar o seu idioma: rendibilidade, posicionamento, diferenciación. Cando entendemos o deseño como unha ferramenta para acadar obxectivos empresariais, a colaboración é natural. Desde o CMD podemos actuar como pontes entre ambos mundos, xerando exemplos reais de éxito compartido.

“Hai que educar ao tecido empresarial no valor real do deseño”



Cales son os principais retos aos que se enfrenta o deseño na actualidade?

O primeiro reto é deixar de ver o deseño como algo meramente decorativo. O segundo é adaptarse á velocidade de cambio tecnolóxico e social. E o terceiro, moi vinculado ao anterior, é saber utilizar a intelixencia artificial e outras ferramentas emerxentes como aliadas, non como ameazas. O deseño que sobrevive é o que se anticipa.

Que innovacións tecnolóxicas ou tendencias cre que transformarán ao sector?

A intelixencia artificial, sen dúbida, pero tamén a realidade aumentada, a fabricación aditiva (impresión 3D) e os sistemas de automatización de procesos. Estas tecnoloxías cambiarán tanto o que deseñamos como o xeito no que traballamos. A clave estará, como sempre, no criterio: non é ter máis ferramentas, senón saber cal empregar e cando.

Desexa engadir algo máis

Simplemente lembrar que o deseño non é un fin, é un medio. Un medio para transformar negocios, para xerar impacto positivo e para mellorar a vida das persoas. Se non é útil, estratéxico e emocional, para min, non é deseño.

“Hai que saber utilizar a intelixencia artificial e outras ferramentas emerxentes como aliadas, non como ameazas”




O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia aposta pola Intelixencia Artificial para impulsar a competitividade empresarial

A entidade organizou, en colaboración co Cluster TIC Galicia e no marco do proxecto EDIH DATAlife, dúas xornadas para coñecer as necesidades das empresas en relación ao emprego da Intelixencia Artificial e como aplicala

O Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia organizou, coa colaboración do Cluster TIC Galicia e no marco do proxecto EDIH DATAlife, dúas xornadas para impulsar a transformación dixital do sector da madeira tras escoitar a demanda das empresas por adoptar tecnoloxías como a Intelixencia Artificial e o Big Data nos seus procesos.

O programa presentado busca que as empresas non só incorporen novas ferramentas tecnolóxicas, senón que evolucionen cara modelos de negocio máis eficientes, sostíbeis e innovadores, automatizando procesos na oficina técnica, analizando grandes volumes de datos en tempo real, optimizando a xestión de recursos e personalizando a experiencia do cliente grazas á análise predictiva.

Esta estratexia inclúe tamén un enfoque moi práctico: diagnóstico personalizado de necesidades, identificación de procesos clave para aplicar IA, creación dunha rede de expertos, talleres formativos e acceso a financiamento externo. Todo pensado para que as empresas do sector da madeira poidan dar o salto dixital con acompañamento, coñecemento e recursos.



No desenvolvemento das diferentes xornadas presentáronse solucións tecnolóxicas para optimizar procesos



Así, na segunda das xornadas, o Cluster TIC Galicia presentou algunhas das solucións tecnolóxicas máis innovadoras para axudar ás empresas a ser máis competitivas, sostíbeis e eficientes.

A automatización de procesos, o uso da Intelixencia Artificial e ferramentas dixitais accesibles foron o eixo central dunha exposición que combinou exemplos reais cunha visión práctica de como a tecnoloxía pode facilitar o día a día empresarial. Desde asistentes virtuais para a atención ao cliente, ata aplicacións que permiten o diagnóstico automatizado de incidencias ou a predición de consumo de materiais, os proxectos que se presentaron mostran como a dixitalización está a marcar a diferenza.

Ademais, presentáronse ferramentas de marketing baseadas en datos que permiten coñecer mellor ao cliente, segmentar audiencias e lanzar campañas personalizadas de forma sinxela e rápida. Todo isto grazas a plataformas visuais e de uso intuitivo.

Cunha mensaxe clara, “Optimizamos procesos, automatizamos tarefas e potenciamos a cadea de valor a través da tecnoloxía e as persoas”, nestas sesións quedou patente que a innovación dixital é unha aliada clave para o presente e o futuro do sector da madeira.



O Proxecto Enerwood presenta os avances que modernizan a industria galega da madeira con intelixencia artificial e eficiencia enerxética

Puertas Betanzos, CERNA, ITG, Intacta, CETIM, Viratec e o CMD unen forzas en Enerwood para reducir o consumo enerxético na industria da madeira

O proxecto Enerwood, iniciativa transformadora que naceu para revolucionar a industria da madeira mediante a optimización enerxética e a dixitalización dos procesos, chegou ao seu fin tras once meses de traballo. Os resultados finais presentáronse nun webinar ao que se conectaron máis de 50 profesionais interesados en coñecer os logros acadados.

Coa participación do Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia, Puertas Betanzos, CERNA, ITG, Intacta, CETIM e Viratec, o proxecto conclúe acadando avances significativos en sustentabilidade, eficiencia e competitividade, con resultados extrapolables a todo o sector.

O proxecto estivo financiado polo Ministerio de Industria e Turismo, a través da Convocatoria de AEI's do ano 2024.

Un esforzo colaborativo para a sustentabilidade

A planta de Puertas Betanzos, con máis de 10.000 m2 dedicados á fabricación de portas, molduras, taboleiros e elementos decorativos, serve como caso piloto para implementar e validar solucións innovadoras. Os avances logrados reflicten o traballo conxunto de todos os socios.

Entre as principais conclusións presentadas, destacan:

Monitorización enerxética e control en tempo real. A implementación de sistemas de seguimento en Puertas Betanzos permitiu detectar patróns de consumo descoñecidos, identificar desviacións e erros de facturación, así como correlacionar o gasto enerxético coas condicións climatolóxicas. Este control exhaustivo facilitou un enfoque práctico para optimizar o rendemento enerxético, económico e ambiental.

Simulación e modelado dixital. O desenvolvemento de escenarios virtuais e modelos dixitais posibilitou avaliar, de maneira anticipada, o impacto de medidas de mellora antes da súa implantación, identificar oportunidades de aforro e afinar cambios produtivos, contando cun banco de probas dixital que contribúe a unha toma de decisións máis precisa.

Optimización da potencia contratada. Trala análise detallada dos consumos anuais e a tarifa enerxética, propuxéronse axustes que permitirán reducir custos en instalacións con maquinaria de alta demanda enerxética.

Visión artificial aplicada ao control de humidade. As imaxes obtidas con cámaras térmicas e infraroxas demostraron ser unha solución viable e máis económica que outras alternativas, cunha robusta correlación cos valores de referencia ($R^2=0,83$). Este avance podería supoñer un aforro enerxético do 2-3% por carga de forno secado e unha mellora da calidade final ao reducir defectos derivados dun control deficiente da humidade.

Medidas adicionais de optimización enerxética. A curto prazo, recoméndase evitar a simultaneidade nos arranques e funcionamento das máquinas de maior potencia dos diferentes ciclos de produción. Paralelamente, contéplase a realización do proxecto e execución dunha instalación fotovoltaica de autoconsumo, aproveitando as axudas públicas dispoñibles para este tipo de iniciativas, co obxectivo de incrementar a rendibilidade do investimento.

Ademais, expónse realizar, a medio prazo, a realización dun estudo para a incorporación de variadores de frecuencia ou arrancadores suaves nas liñas de maior potencia nominal e consumo enerxético, que permitan optimizar os picos de arranque e adecuar os puntos de consumo reais dos motores. De maneira complementaria, prevese a substitución progresiva dos motores máis antigos a outros de maior rendemento enerxético e un Cos(fi) máis eficiente.

Coa implantación destas medidas, xunto coa monitorización continua da planta para avaliar o impacto e continuar avanzando en medidas de mellora, estímase que se podería alcanzar un aforro económico e enerxético superior ao 25%. Entre estas iniciativas, destacan, polo seu impacto, a instalación fotovoltaica de autoconsumo e a optimización de potencia e consumo mediante a diminución da simultaneidade de funcionamento da maquinaria de gran potencia.

Un impacto sectorial con mirada ao futuro

Coa súa finalización, o proxecto está a sentar as bases para unha transformación estrutural da industria da madeira en Galicia. Os socios do proxecto reafirman, así, o seu compromiso coa innovación e a sustentabilidade, posicionando á madeira como un recurso estratéxico para un futuro máis verde.

O CMD está presente na Conferencia Saúde e Clima: Desafíos e Oportunidades, unha Galicia climaticamente neutra en 2040



Conferencia Saúde e Clima



Fórum Madeira Construción



Programa Xeración Digital Peme



Proxecto Astillas II

O Servizo Galego de Saúde, socio de honor do CMD 2022, organizou esta cita na que estivo presente o Cluster para interesarse polos desafíos e oportunidades aos que se enfronta Galicia en canto a saúde e clima.

Desde hai anos, o CMD defende que o binomio saúde-madeira é indisoluble agora máis que nunca no que conceptos como biofilia, sustentabilidade e mellora da calidade de vida cobraron un protagonismo especial. O SERGAS está a realizar, neste sentido, un importante labor para humanizar e contribuír a un maior benestar dos usuarios e do persoal sanitario.

O CMD participa no Fórum Madeira Construción

O xerente do CMD, Ricardo González, estivo presente da 5ª edición do Fórum Madeira Construción que se celebrou en Pamplona. Durante dúas xornadas, expertos nacionais e internacionais compartiron o seu coñecemento, visión e experiencias proxectuais a través dun programa que se estrutura en cinco bloques temáticos que abarcan desde os fundamentos do uso da madeira ata os avances tecnolóxicos máis vangardistas.

O CMD tivo o pracer, ademais, de participar como colaborador desta edición que resultou un éxito de participación.

Programa Xeración Digital Peme

En colaboración con Galicia Business School, o CMD impulsa esta formación para acompañar ás empresas do sector da madeira na súa transformación dixital.

Trátase dunha edición especial na que participan, ademais de empresas do sector da madeira, outro grupo de empresas exportadoras ou con vocación de exportar, en colaboración co Instituto Galego de Promoción Económica e a súa iniciativa Fórmate Internacional, o que facilita o networking entre os 50 profesionais participantes.

O proxecto Astillas II chega ao seu fin

A segunda fase do proxecto Astillas, investigación para a automatización e mantemento predictivo do proceso de fabricación de biocombustibles, chega ao seu fin. O proxecto contou cos seguintes socios: Cluster TIC Asturias, Vulpe Tecnologías de la Información, Hijos de Ramón Rubal, Faro Norte Tech, ZP Informática e Maderas Edelmiro López.

Nun webinar, os compoñentes do grupo operativo compartiron cos asistentes o traballo realizado en canto á promoción de tecnoloxías como intelixencia artificial, automatización e ciberseguridade para mellorar a trazabilidade e a calidade.

Máis de 100 persoas interéñanse en como aplicar a Intelixencia Artificial nas súas empresas

Máis de 100 persoas participaron no webinar “Intelixencia Artificial: Oportunidades para impulsar a túa empresa” que realizou o CMD en colaboración con Galicia Business School.

Nesta sesión, da man de Jesús Corral, formador e consultor estratéxico especializado en Intelixencia Artificial e Automatización de procesos, exploráronse as aplicacións reais da IA para optimizar procesos, mellorar a toma de decisións e aumentar a eficiencia sen necesidade de grandes investimentos. Os asistentes puideron coñecer, a través de casos concretos, como a IA pode axudarlles na automatización de tarefas, análise de datos e a xestión eficiente do negocio.

Presentación do Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027

O CMD estivo presente na presentación do Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027, unha folia de ruta dotada con 1.310 millóns de euros que busca transformar o modelo produtivo galego e consolidar Galicia como un referente nacional e internacional neste sector.

O CMD foi convocado pola Xunta de Galicia para abordar a situación derivada da política arancelaria de EE.UU.


O presidente do CMD, José Manuel Iglesias, asistiu á reunión convocada pola conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, na que tamén estiveron presentes o conselleiro de Facenda e Administración Pública e os titulares do Medio Rural e de Mar, para analizar o impacto da situación arancelaria sobre as exportacións galegas e informar dos mecanismos activados para dar resposta ás inxedanzas específicas dos sectores.

A Xunta de Galicia convocou a este encontro aos principais sectores da economía galega máis expostos ao comercio con EE.UU. Por parte do CMD, trasladáronse as inxedanzas das empresas asociadas a este respecto, compartindo os datos de exportación referentes ao sector.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia anunciou a posta en marcha dunha nova liña de préstamos circulante de ata 1 millón de euros ampliable e con catro anos de carencia (o dobre que o habitual) para mitigar o impacto que poidan ter os aranceis nas empresas galegas; creación dunha oficina con servizos especializados dependente da Oficina Económica de Galicia e en contacto coa antena que ten o Igape en Miami; e a organización de seminarios concretos para cada un dos sectores e empresas máis afectados pola nova política arancelaria para traballar nas oportunidades que ofrece o Real Decreto Lei aprobado polo Consello de Ministros, que pon a disposición das empresas 14.000 millóns de euros en avais, axudas non reembolsables e tamén o fondo de internacionalización. Ademais, desde a Administración traballarán con tecido produtivo na diversificación de mercados e nas medidas posibles en canto á rebaixa ou recalificación de produtos para reducir o impacto dos aranceis.




Reunión política arancelaria



Formación Intelixencia Artificial



Plan Galego de Investigación e Innovación



Formación Inteligencia Artificial

Formación: Integración de datos no sector forestal-madeira

No marco do proxecto EDIH DATAlife, o CMD impulsou esta formación, organizada por Feuga, e que abordou a captura de datos desde diferentes perspectivas e a integración dos mesmos cos datos das empresas, adaptándose ás particularidades do sector forestal-madeira, proporcionando as habilidades necesarias para aproveitar ao máximo estas tecnoloxías.

A formación estivo impartida por profesionais de Gradiant que compartiron diferentes ferramentas para poder introducir a dixitalización no seo das empresas.



Aniversario Casa RIA

Primeiro Aniversario da Casa RIA

O CMD asistiu á celebración do primeiro aniversario da Casa RIA, da Fundación RIA, na que se compartiron os principais proxectos que están a desenvolver para dinamizar o territorio galego.

A Fundación RIA, socia de honor do CMD do ano 2023 e impulsada polo premio Pritzker, sir David Chipperfield, leva anos promovendo en Galicia proxectos que combinan a reflexión sobre o territorio, o desenvolvemento urbano e a protección do patrimonio. A súa metodoloxía busca equilibrar o progreso co respecto pola identidade cultural e paisaxística da contorna.

Participación activa do CMD na mesa de traballo en construción industrializada impulsada polo Cluster da Construción de Galicia

O xerente do CMD, Ricardo González, participou nunha nova reunión do Comité Asesor do Cluster da Construción de Galicia do que o CMD é membro.

Durante o encontro, abordáronse temas clave para o futuro do sector, poñendo o foco na construción industrializada como unha vía estratéxica para mellorar a competitividade, sustentabilidade e eficiencia dos procesos construtivos en Galicia.

O compromiso do CMD pola colaboración intersectorial e a innovación no ecosistema da construción sumando sinerxías para construír un futuro máis eficiente e sostible é un dos seus acenos de identidade.



Reunión construción industrializada

O CMD asiste á clausura do curso 2024-2025 do Centro de Promoción Rural EFA-Fonteboa como mostra do seu compromiso coa educación das comunidades rurais

O CMD asistiu á clausura do curso 2024-2025 do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa, centro de referencia en formación e desenvolvemento da contorna rural. O seu compromiso coa educación e o fortalecemento das comunidades rurais é, sen dúbida, inspirador e esencial para garantir un futuro sólido para o medio rural.



Clausura curso EFA-Fonteboa

O CMD convoca ás empresas do sector da madeira a un grupo de traballo sobre construción-montadores e instaladores de elementos de carpintería e mobiliario

O CMD celebrou a segunda reunión do seu Grupo de Traballo de Construción, Montadores e Instaladores de elementos de carpintería e mobiliario na que participaron as empresas asociadas Betanzos HB, EZ2 Arquitectos, FINSA, Maderas Hermanos Castro, Senssia e Rothoblaas.

Nesta sesión de traballo definíronse os principais ámbitos de actuación e contidos formativos que impulsaremos coa axuda da Axencia Galega da Industria Forestal e que enfocaremos fundamentalmente a instaladores de elementos de carpintería e moble e madeira estrutural.



Grupo de Traballo sobre Construción

Vista Jardín e InLav, novos asociados do CMD

O Cluster ten o pracer de dar a benvida a Vista Jardín e InLav como novos asociados.

Vista Jardín, empresa de Boqueixón especializada na produción sostible de cortiza de piñeiro triturada, fibra de piñeiro, substratos e abonos orgánicos para xardinería e paisaxismo, sumará, sen dúbida, coñecementos e experiencias para a posta en marcha de novos proxectos, compartindo sinerxías e inxerencias co resto das empresas asociadas.

Pola súa parte, InLav ven a complementar as actividades do CMD de transformación industrial. Axudará ás empresas do Cluster a dar cumprimento á nova lexislación sobre saúde laboral que afecta a certas actividades do sector da madeira como fabricación de taboleiros, carpintería, ebanistería e actividades que xeran po de madeira en xeral.

Estas empresas aportarán o seu coñecemento e experiencia, compartindo sinerxías e inxerencias co resto das empresas asociadas.

Desde o CMD, agradecemos a confianza depositada na entidade, así como a todos os nosos asociados por traballar en unidade e respaldando as accións que desde o CMD se poñen en marcha.



Vista Jardín e InLav, novos asociados do CMD

Nemesio Arquitectura Passivhaus: Vivir mellor con menos enerxía

No ano 1936, un novo arquitecto recentemente titulado en Madrid e nacido nunha aldea de Sarria, chamado Nemesio, apostou pola cidade de Ferrol para establecerse alí e axudar a deseñar o crecemento da cidade, os seus negocios, equipamentos e as casas dos seus veciños.

Así naceu Nemesio Arquitectura, empresa con 79 anos de experiencia no sector e con máis de 6.500 proxectos realizados, desde o propio edificio do Concello de Ferrol, pasando polas salas de baile e cinematógrafos, o parque municipal e a maior parte das vivendas unifamiliares e colectivos do Ferrol da época. Esa época na que os planos se facían con tinta china, os fallos soluciónábanse raspando cunha coitela o papel e as copias revelábanse coa luz do sol nos balcóns do estudo, que segue estando no mesmo edificio no casco histórico.

Somos unha empresa de arquitectura de terceira xeración (temos clientes de 3ª xeración) e estamos especializados en vivenda unifamiliar, tanto obra nova como rehabilitación. Non hai nada máis sostible que dar nova vida ás vivendas xa existentes e hai moito patrimonio construído en pedra e madeira que necesita ser rehabilitado. Creemos que a arquitectura ten a capacidade de mellorar a vida das persoas e, se podemos facelo co menor gasto enerxético posible, mellor para o planeta.


Estamos comprometidos coa eficiencia enerxética. Hai 25 anos fomos pioneiros en Ferrol coa primeira vivenda unifamiliar con solo radiante e xeotermia. Facemos proxectos e dirección de obras na provincia da Coruña, aínda que ofrecemos servizos de consultoría en toda Galicia. A consulta técnica-enerxética-urbanística revisa vivendas de segunda man, antes da compra. É un servizo moi demandado por clientes estranxeiros, polo que estamos internacionalizando a empresa.

Somos Passive House Designer, certificados polo Passivhaus Institut Aleman. O Passive House é un sistema de deseño e construción de vivendas de moi baixo consumo enerxético, para obra nova e rehabilitación.

Baséase en 5 principios:

- 1.- Illamento térmico continuo de gran espesor
- 2.- Captación solar con xanelas ao sur
- 3.- Boas xanelas con bos vidros
- 4.- Ventilación mecánica con recuperador de calor (a casa ventílese soa)
- 5.- Hermeticidade

Calcúlase cun programa específico con datos moi precisos e reais (xa en fase de proxecto) o que vai consumir a vivenda e certifícase o cumprimento do cálculo con auditoria externa finalizadas as obras. Pódese construír vivenda pasiva con moitas formas e materiais diferentes. Preferimos facelas con entramado lixeiro de madeira, de aí o noso interese por formar parte do Cluster, ao que queremos agradecer a boa acollida.




NEMESIO
ARQUITECTURA

Construción sostible e de vangarda con recursos forestais. É posible?



Rosalía Noguero

Responsable Materiais
avanzados en CETIM

Si, e xa está botando raíces.

Atopámonos na era da sustentabilidade, e a madeira perfíase como o material protagonista, dando lugar a solucións con excelentes propiedades técnicas e baseadas en materiais locais. Falamos dunha alternativa ecolóxica, que absorbe e almacena dióxido de carbono (CO₂) ao longo do seu crecemento, cunha pegada de carbono negativa e sendo unha fonte renovable e circular baseada nos principios dunha xestión forestal responsable.

Ademais, é un material enerxeticamente eficiente, reciclable, con grandes propiedades versátiles e estéticas, que permite reducir os tempos de construción grazas ao uso de elementos prefabricados e a un ensamblado rápido en obra. Actualmente, preséntase en dúas tipoloxías de aplicacións construtivas: estrutural (madeira contralaminada - CLT (Cross-Laminated Timber), madeira laminada encolada - GLT/Glulam (Glued laminated timber), madeira composta estrutural - SCL estructural composite lumber), etc) e non estrutural (paneis de illamento, tarimas, solos, etc.).

A pesar deste prometedor paradigma, a madeira tamén presenta retos técnicos relacionados coa súa durabilidade: é sensible á humidade, á degradación biolóxica e ten unha baixa resistencia ao lume. Para mitigar estas problemáticas, recórrase a especialidades químicas como recubrimentos e adhesivos sintéticos derivados do petróleo, con toxicidade asociada en moitos casos (vernices, pinturas acrílicas, aceites hidrofugantes e tratamentos ignífugos con biocidas e retardantes baseados en resinas sintéticas e compostos haloxenados).

Pero é posible cambiar o rumbo: a propia natureza ofrece as chaves para a súa protección. Os nosos bosques e as biomases lignocelulósicas agroforestais conteñen o potencial para crear especialidades químicas sostibles para a construción, sen renunciar ao rendemento nin ao respecto polo planeta.

No noso centro tecnolóxico, CETIM, onde a natureza e a vangarda se atopan, traballamos en equipo e en alianzas sólidas con empresas estratéxicas do sector para facer realidade este obxectivo: ob-

ter solucións construtivas desenvolvidas integramente con recursos forestais e agroforestais. Focalizámonos en diferentes liñas de investigación a nivel de laboratorio e planta piloto para desenvolver solucións construtivas e especialidades químicas alternativas aos derivados fósiles con toxicidade, a partir de materias primas lignocelulósicas procedentes dunha ampla variedade de biomases.

A primeira liña de traballo céntrase en valorizar os recursos. O noso equipo humano desenvolve procesos de biorrefinaria en cascada: extracción, illamento e purificación físico-química dos compoñentes da biomasa lignocelulósica —ligninas, hemicelulosas, celulosas e extractivos— así como a produción de biogás e biohidróxeno a partir destes recursos.

A partir destes compoñentes illados e modificados, xeramos diferentes especialidades químicas de valor: aditivos, ligantes, colas e recubrimentos baseados nos distintos compoñentes lignocelulósicos.

No ámbito dos aglutinantes e adhesivos, en CETIM traballamos no desenvolvemento de alternativas aos poliuretanos, diisocianatos e resinas fenol-formaldehído a partir de aceites vexetais, ligninas e nanocelulosas, sen comprometer as súas prestacións técnicas.

No caso dos recubrimentos sostibles, a nosa proposta céntrase na obtención de especialidades químicas con propiedades hidrofóbicas, ignífugas e antimicrobianas a partir de lignina, microligninas, nanocelulosas e aceites vexetais modificados.

Como solucións construtivas, empregando residuos lignocelulósicos e biomasa forestal diversa (fibras de madeira de distintas orixes, serradura, palla, etc.) e as especialidades químicas antes descritas, traballamos no desenvolvemento de produtos como paneis illantes e solucións híbridas madeira-hormigón desenvolvidos integramente con materias primas lignocelulósicas.

Acompañamos todas estas liñas de investigación con tecnoloxías transversais de dixitalización, co obxectivo de impulsar a eficiencia, a sustentabilidade e a competitividade do sector: xemellos dixitais para a optimización de procesos, modelos predictivos e de simulación mediante intelixencia artificial para identificar patróns en datos históricos, blockchain para garantir a seguridade e trazabilidade integral da cadea de administración da madeira, redes de sensores para o control de parámetros, separación selectiva de residuos e/ou análise en liña mediante técnicas fotónicas, visión artificial ou IoT, así como a automatización de procesos e uso de dispositivos robóticos.

Por último, en CETIM asumimos o compromiso de garantir que cada desenvolvemento tecnolóxico que impulsamos demostre melloras cuantificables en sustentabilidade. Para garantir a transparencia e trazabilidade dese valor, aplicamos metodoloxías recoñecidas internacionalmente como a análise de ciclo de vida (ACV), análise de ciclo de custo (ACC) e análise de ciclo de vida social (ACV-S), avaliando tanto produtos como procesos.

O noso enfoque céntrase en especializarnos en tecnoloxías específicas e poñelas en valor en sectores estratéxicos. Destacan especialmente no noso centro os sectores forestal e madeireiro, considerados uns dos piares económicos e ambientais máis relevantes de Galicia, e cuxos resultados aplicamos tamén a outros sectores, como o da construción.

Porque construír co bosque non é mirar atrás.

É mirar máis lonxe

TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA: AXUDAS Á VALORIZACIÓN, 2ª TRANSFORMACIÓN E ECOINNOVACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS E Á DIXITALIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE E SAÚDE DA INDUSTRIA FORESTAL E DO CONTRACT

ORGANISMO: AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

FINALIDADE: Axudas dirixidas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract.

TIPO DE AXUDA: En réxime de concorrência competitiva e réxime de minimis

CONTÍA DA AXUDA: Axuda do 50% dos gastos elixibles

BENEFICIARIOS: Dirixidas ás pequenas e medianas empresas da industria forestal e do contract radicadas en Galicia que usen a madeira e os seus derivados (exceptuando os alimentarios) como materia prima para a elaboración dos seus produtos.

PROXECTOS SUBVENCIONABLES: Os investimentos destas empresas que teñan como obxectivo aumentar a súa produtividade, a diversificación ou a implantación de técnicas que permitan obter novos produtos ou solucións, produtos valorizados ou procesos que favorezan a minoración do impacto ambiental e tamén proxectos que teñan como obxectivo a dixitalización e a mellora da seguridade e saúde no contorno laboral destas empresas.

PRazos: O prazo de solicitude vai ata o 01/08/2025 e o prazo de execución dos proxectos vai ata o 15/04/2026.

TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA: AXUDAS PARA O APOIO A AGRUPACIÓNS EMPRESARIAIS INNOVADORAS

ORGANISMO: MINISTERIO DE INDUSTRIA E TURISMO

FINALIDADE: Axudas dirixidas a mellorar a competitividade das pemes.

TIPO DE AXUDA: En réxime de concorrência competitiva.

CONTÍA DA AXUDA: Axuda en actividades de investigación industrial. Poderá chegar ata o 80%, en actividades de desenvolvemento experimental pode alcanzar un máximo do 60% e para as actividades de innovación en materia de organización e en materia de procesos poderá chegar como máximo ata o 50%.

BENEFICIARIOS: As AEI e as entidades asociadas a elas. Son proxectos en cooperación nos que deben participar como mínimo unha AEI e 2 pemes.

PROXECTOS SUBVENCIONABLES: Proxectos de Tecnoloxías Dixitais, que deberán incorporar o desenvolvemento de actividades innovadoras en cooperación encadradas nos seguintes puntos:

- Actividades de investigación industrial
- Actividades de desenvolvemento experimental
- Innovación en materia de organización
- Innovación en materia de procesos

PRazos: O prazo de solicitude vai ata o 31 de xullo do 2025 e o prazo de execución dos proxectos vai ata o 10 de xullo de 2026.

TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA: PROGRAMA EMPLEAVER-DE+

ORGANISMO: FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD

FINALIDADE: Axudas destinadas á adquisición e mellora de competencias vinculadas a transición ecolóxica a través de actuacións de capacitación dirixidas a persoas desempregadas, traballadoras ou emprendedoras.

TIPO DE AXUDA: En réxime de concorrência competitiva, cofinanciada polo FSE+

BENEFICIARIOS: As persoas xurídicas públicas e privadas con ou sen ánimo de lucro, agrupación de persoas xurídicas públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro.

LIÑAS DE AXUDAS:

- 1.Capacitación de persoas traballadoras
- 2.Capacitación para persoas desempregadas, con posibilidade de formalizar contratos laborais vinculado a formación recibida

CONTÍA DAS AXUDAS: Axuda mínima de 150.000€ a axuda máxima de 2 millóns de €. O porcentaxe de axuda será do 85% para zonas menos desenvolvidas, 60% para zonas de transición e do 40% para zonas máis desenvolvidas.

ORZAMENTO DA CONVOCATORIA: 13,2 millóns €, 50 % do importe para cada liña.

PRazos: Ata o 28/07/2025 e prazo de execución de 7 a 24 meses desde a resolución de concesión.

TÍTULO DO PROGRAMA / AXUDA: KIT DIXITAL

ORGANISMO: MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

FINALIDADE: Axudas destinadas á dixitalización de empresas do Segmento III (entre 0 e menos de 3 empregados).

Ten por finalidade mellorar a competitividade e o nivel de madurez dixital das microempresas. Son axudas de concesión directa mediante un procedemento de concorrência non competitiva.

BENEFICIARIOS: As microempresas con domicilio fiscal en territorio español

COMO SOLICITAR O BONO KIT DIXITAL:

- 1.Rexistrarse na área privada de www.acelerapyme.es e completar o test de autodiagnóstico.
- 2.Consultar a información dispoñible das solucións de dixitalización do programa Kit Dixital, onde se poderá escoller unha ou varias das que ofrecen os axentes dixitalizadores
- 3.Solicitar a axuda na sede electrónica de Red.es (<https://sede.red.gob.es>)

Unha vez se conceda a axuda:

- 1.Acceder ao catálogo de axentes dixitalizadores adheridos de www.acelerapyme.es e seleccionar o axente co que se quere desenvolver as solucións dixitais
- 2.Poñerse en contacto cos axentes dixitalizadores e subscribir o “acordo de prestación de solucións de dixitalización”.

CONTÍA DAS AXUDAS: O bono dixital será de 2.000€ ata 3.000€ e con el as empresas poderán adquirir solucións de dixitalización para áreas clave como: sitio web e presenza en internet, xestión de redes sociais, comercio electrónico, a xestión de clientes, servizos e ferramentas de oficina virtual, intelixencia empresarial e analítica, xestión de procesos, factura electrónica, comunicacións seguras e ciberseguridade.

ORZAMENTO DA CONVOCATORIA: 1,6 millóns €.

PRazo LÍMITE: Ata o 31/10/2025 ou ata que se acaben os fondos.

The Manchester Furniture Show ✓

Lugar: Manchester Central, Manchester, Reino Unido.

Datas: do 6 ao 7 de xullo de 2025

Máis información: www.manchesterfurnitureshow.com

Salón de novidades e tendencia no sector do moble de interior.

Australian International Furniture Fair (AIFF) ✓

Lugar: Melbourne Exhibition Centre. Melbourne, Australia.

Datas: do 16 ao 17 de xullo de 2025

Máis información: www.aiff.net.au

Feira de moble e decoración.

AWFS LAS VEGAS ✓

Lugar: Las Vegas Convention Center, Nevada, Las Vegas. EUA

Datas: do 22 ao 25 de xullo de 2025

Máis información: www.awfsfair.org

Feira internacional do procesado da madeira e fabricación de mobles

Wood Tech India (7ª Edición) ✓

Lugar: Chennai Trade Centre. Chennai, India

Datas: do 1 ao 3 de agosto de 2025

Máis información: www.woodtechindia.in

Feira internacional da madeira e a industria de procesamento de madeira

ABIMAD 2025 ✓

Lugar: Expo Center Norte, Sao Paulo. Brasil

Datas: do 5 ao 8 de agosto de 2025

Máis información: www.abimad.com.br

Principal feira do segmento mobiliario e accesorios de alta decoración en América Latina

Tecnomueble ✓

Lugar: Expo Guadalajara. Guadalajara, México

Datas: do 13 ao 16 de agosto de 2025

Máis información: www.tecnomueble.com.mx

Exposición de maquinaria, materia prima y accesorios para la industria del mueble y la madera

Maison & Objet PARÍS ✓

Lugar: París, Francia.

Datas: do 4 ao 8 de setembro de 2025

Máis información: www.maison-objet.com/

Feira que reúne unha ampla oferta de produtos, que van dende a decoración, deseño e mobiliario, ata téxtil e fragancias para dar vida aos espazos

SAUDI WOODSHOW ✓

Lugar: The Arena Riyadh Venue, Arabia Saudita.

Datas: do 7 ao 9 de setembro de 2025

Máis información: www.woodshowglobal.com/saudi

Feira na que se presentan as últimas innovacións en maquinaria e ferramentas para traballar e moldear a madeira

Furniture China 2025 ✓

Lugar: Shanghai New International Expo Centre (SNIEC), Shanghai. China

Datas: do 9 ao 13 de setembro de 2025

Máis información: www.furniture-china.cn/

Exposición Internacional do moble de China

Drema Furnican Poznan 2025 ✓

Lugar: Poznan Internationa Fair, Poznan. Polonia

Datas: do 9 ao 12 de setembro de 2025

Máis información: www.drema.pl/pl/

Feira internacional de máquinas e ferramentas para a madeira e a industria do moble

London Design Festival ✓

Lugar: Londres. Reino Unido

Datas: do 13 ao 21 de setembro de 2025

Máis información: www.londondesignfestival.com/

Evento que da a coñecer as novas tendencias no ámbito do deseño

MOW 2025 ✓

Lugar: Messezentrum Bad Salzufflen, Bad Salzufflen. Alemaña

Datas: do 21 ao 25 de setembro de 2025

Máis información: www.mow.de/

Feira do moble máis importante de Europa

IDS Interior Desing Show ✓

Lugar: Vancouver, Canadá

Datas: do 25 ao 28 de setembro de 2025

Máis información: www.interiordesignshow.com/vancouver/

Deseñadores e arquitectos de todo o mundo asisten cada ano a este evento

Intermob ✓

Lugar: Tüyap Fair Convention & Congress Center. Estambul

Datas: do 25 ao 28 de setembro de 2025

Máis información: www.intermobistanbul.com

Feira Internacional de produción de moble e de transformación de madeira

High Point Market 2025 ✓

Lugar: High Point, Puerto Rico, Islas Virgenes de los EEUU

Datas: do 25 ao 29 de setembro de 2025

Máis información: www.highpointmarket.org/

Feira máis grande da industria do moble

Brussels Furniture Fair ✓

Lugar: Brussels Expo - Bruxelas. Bélxica

Datas: do 2 ao 5 de novembro de 2025

Máis información: www.meubelbeurs.be/

Feira de mobiliario e deseño de interiores

CAIRO WOODSHOW ✓

Lugar: Cairo International Convention Centre, O Cairo

Datas: do 27 ao 30 de novembro de 2025

Máis información: www.woodshowglobal.com/cairo

Feira na que se presentan as últimas innovacións en maquinaria e ferramentas



New European
Bauhaus 

Edificio Feuga
Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n. Campus Vida
15705, Santiago de Compostela
Teléfono: 981 937 261
www.clustermadeira.com | info@clustermadeira.com



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA